

Proxecto E-DIXGAL

Todo o alumnado dispón dun PC Portátil, táctil e con varias aplicacións educativas integradas.

Dende o equipo pódese acceder ao entorno virtual de aprendizaxe (EVA), tanto en modo conectado, como sen conexión.



Que se pode facer co portátil?

O equipo é para uso persoal e educativo, o alumnado só o empregará para as tarefas indicadas polo profesorado. Non se poderá usar para ningún outro uso distinto da actividade educativa. Tampouco se poderá ceder a terceiras persoas.

A utilización non permitida do equipo será considerada como conduta contraria ás normas de convivencia.


Outras normas a seguir no uso do equipo:

- Non se poderá **manipular** o ordenador nin o software instalado
- Deberá **informarse ao/á titor/a do curso** de calquera dano observado no equipo
- O alumnado deberá levar o ordenador ao centro todos os días, en **condicións de uso e coa batería cargada**
- O ordenador deberá **devolverse ao rematar o curso** e cando o centro o solicite.
- **O profesorado e o/a coordinador/a** E-Dixgal do centro poderán **inspeccionar o ordenador** cando o estimen oportuno, co fin de constatar o seu estado.

Quen é o responsable do equipo?

A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/ nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no mesmo. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

O centro proporcionaralle o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.



SEGURO OPCIONAL DO PORTÁTIL

As familias poden contratar un seguro anual que cubre o risco de danos non contemplados na garantía. O custe anual é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono 881 505 136.


O seguro cubre

Rotura de calquera compoñente do equipo
(pantalla, carcasa, teclas, bisagras,
conector de alimentación, outros
conectores ...)
Rotura do cargador de alimentación

O seguro non cubre

Roubo ou perda,
tanto do portátil como do
cargador de alimentación ou do lapis.
Rotura do lapis ou da punta deste

Para máis información consultar a páxina web
<https://espazoabalar.edu.xunta.gal/es/e-dixgal/informacion-para-las-familias>



DEFINICIÓN

abalarMóbil é una aplicación que permite ás familias consultar a información académica de calquera dos seus fillos a través do teléfono móbil. Algunhas das funcións máis destacadas son:

- Consultar as cualificacións
- Solicitar una titoría
- Comprobar e comunicar as faltas de asistencia
- Consultar o apartado de faltas de conduta
- Consultar os avisos ou notificacións...




DESCARGA, REGISTRO E ACCESO

A descarga desta aplicación no teléfono móbil faise dende Apple Store (se o sistema operativo é iOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android).

Unha vez instalada a aplicación debe realizar o rexistro creando o usuario e o contrasinal cos que se accederá a abalarMóbil cando se desexe.

O usuario e o contrasinal non deben ser accesibles ao alumnado.

Para máis información consultar a páxina web
<https://espazoabalar.edu.xunta.gal/es/abalarmobil>



RECOMENDACIÓNS DO CENTRO

USO DAS TIC

BO USO DAS TIC

1. O uso de material informático e das redes forma parte do traballo diario do alumnado, polo tanto, debemos ter en conta que:
 - O **uso excesivo das pantallas** pode danar a vista e a saúde, é importante establecer un horario e facer os descansos pertinentes, ademais de manter unha boa postura corporal.
2. O **mal uso das redes** pode crear conflitos e problemas de seguridade, para evitalo:
 - Non se deben consultar, crear ou compartir mensaxes, imaxes, vídeos, páxinas web ou calquera outro contido de carácter **ilegal ou nocivo**.
 - É necesario **protexer a información persoal**, propia e dos demais, non difundindo nunca información privada.
 - As **claves de acceso** deben ser privadas e **non** deben gardarse na memoria do ordenador.
 - Ao finalizar o traballo hai que **pechar sempre a sesión** das aplicación empregadas.

Uso dos ordenadores na aula:

- O uso do ordenador E-dixgal na aula será cando o profesor ou profesora da materia o requira, mentres tanto debe permanecer pechado e recollido.
- O profesorado pode empregar a aplicación Eoptes que permite controlar o uso que o alumnado está a facer do seu portátil.
- Nos tempos de lecer o ordenador debe permanecer nas aulas, apagado, pechado e gardado no seu maletín.

Para máis información consultar a páxina web do centro
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessalvaterramino/>